



PLAN DIXITAL

IES Campo de San Alberto

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice

1 Introducción

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2 Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

3 Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4 Avaliación do PD

5 Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome:	Instituto de Educación Secundaria “Campo de San Alberto”
Titularidade:	Pública
Enderezo físico:	Rúa Egas Moniz, 6 (15200 Noia - A Coruña)
Tfno-Fax-email:	881867135 - 881867144 (fax) - ies.campo.san.alberto@edu.xunta.es
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/node
Aula virtual:	http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/aulavirtual/
Cadro de persoal:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Docentes: arredor de 60 entre MES, PTPF, PT, PES e CES ▪ Destacar a existencia de 2 profesores de Pedagogía Terapéutica ▪ Non docentes: 7 (1 administración, 3 conserxería e 3 limpeza)
Oferta educativa:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EBI (Módulos 1 e 2) ▪ ESA (Módulos 1, 2, 3 e 4) ▪ ESO ▪ BACHARELATO DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA ▪ BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS ▪ BACHARELATO XERAL ▪ FPB: - Electricidade e electrónica ▪ CFGM: - Instalacións de telecomunicacións - Xestión Administrativa ▪ CFGS: - Administración e Finanzas - Laboratorio Clínico e Biomédico
Centros adscritos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso (Noia) → ESO ▪ IES Poeta Añón (Outes) → Bacharelato ▪ CPI da Picota (Mazaricos) → Bacharelato ▪ CPR María Assumpta (Noia) → Bacharelato

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Alumnado. Entre 400 e 500 de extracción social media-baixa. ▪ Aínda que o centro está radicado no centro urbano de Noia, boa parte do alumnado é de fóra do concello de Noia: Outes, Lousame e Mazaricos. ▪ Dúas liñas da ESO e catro liñas de Bacharelato o que implica, xunto cos 5 ciclos formativos unha preponderancia clara das ensinanzas postobligatorias. Trátase dunha característica singular deste centro, ao contar a localidade con dous centros privados concertados que imparten toda a ESO. ▪ Existe outro instituto máis antigo en Noia (IES Virxe do Mar) no que soe pedir praza,
--	---

	<p>en primeira instancia, a maioría do alumnado da localidade. Un considerable número de alumnas e alumnos son rexeitados e matricúlanse neste centro, en segunda instancia. Isto, que non é positivo “a priori”, implica unha ratio baixa en moitos dos grupos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa no PLAMBE. ▪ Participa no proxecto EDIXGAL. ▪ Posúe o emblema de CENTRO PLURIBACH.
<p><i>Contribución ao Proxecto Educativo do Centro</i></p>	<p>Mediante o presente plan, preténdese avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.</p> <p>Así mesmo, tamén se persegue recoñecer o Plan Dixital como un recurso fundamental para transformar o centro educativo nunha organización dixitalmente competente, contribuíndo á consecución dos obxectivos contemplados noutros documentos institucionais do centro e, en definitiva, á finalidade última dun centro educativo: que o alumnado aprenda, se forme e saiba desenvolverse como individuo da sociedade na que vive.</p>

1.3. Breve xustificación do mesmo

. Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada, o que obriga a desenvolver novas competencias que axuden a desenvolverse en contornas dixitalizadas. A crise sanitaria provocada pola COVID-19 acelerou a integración das tecnoloxías no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Este cambio de paradigma trae consigo a necesidade de elaborar marcos de acción que faciliten o traballo docente nestas novas condicións que afectan o uso das tecnoloxías na educación, desde cuestións organizativas ata outras máis pedagóxicos propias dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Contexto normativo:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolución de 7 de setembro de 2021, de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional,

por la que se seleccionan, con carácter experimental, los centros docentes públicos que constituirán la Red Gallega de Educación Digital, para el curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan de Dixitalización realizouse ao longo do curso. Para iso tivéronse en conta as ferramentas postas ao dispor dos centros educativos como SELFIE. Unha vez recollida toda a información dispoñible detállanse os obxectivos e accións xunto á súa temporalidade.

Con todo, leváronse a cabo algunhas actuacións de urxencia, tanto para o desenvolvemento do curso académico como para o comezo do plan. De acordo coas instrucións recibidas, existen dous aspectos fundamentais: localizar os posibles casos de fenda dixital e realizar un inventario do equipamento e infraestruturas dispoñibles.

A continuación, detállanse as actuacións básicas e a súa periodicidade:

Tarefas	Actuacións concretas	Periodicidade	Axente responsable
<i>Elaboración e difusión do Plan de Dixitalización</i>	Redacción do novo Plan de Dixitalización do centro	Todo o curso	Coordinadora TIC
	Creación do informe SELFIE e matriz DAFO	Metade de curso	Coordinadora TIC e Equipo Directivo
	Información á comunidade educativa	Fin de curso	Equipo Directivo
<i>Labores técnicas</i>	Inventario de recursos dispoñibles	Inicio de curso	Equipo de Dinamización TIC
	Supervisión de incidencias técnicas e labores de mantemento	Todo o curso	Equipo de Dinamización TIC
	Instalación e control de software	Todo o curso	Equipo de Dinamización TIC
<i>Labores organizativas</i>	Identificación do alumnado con brecha dixital	Inicio de curso	Coordinadora TIC e Equipo Directivo

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón de 4 aulas de informática (2 utilizadas polos Ciclos de Administración e 2 para uso de todo o alumnado) dotadas todas elas con entre 20 e 25 equipos informáticos, bastante novos, en xeral. Considéranse suficientes.

Na práctica totalidade do resto de aulas, existe un equipo (maioritariamente portátil) conectado a unha pizarra dixital (4 SmartBoard, 12 MultiClass e 1 Promethean) e con acceso a internet por cable. Aquelas aulas que non dispoñen de pizarra dixital, contan con un proxector conectado ao equipo. Tamén existen puntos de acceso sen fíos á rede que cobren todo o centro.

Na Sala de profesores hai 6 equipos informáticos e unha impresora conectada en rede.

Tamén a Biblioteca está dotada con dous equipos e impresora láser para a súa xestión por parte do profesorado; E dispón dun espazo anexo con outros seis equipos para uso libre do alumnado nos períodos de lecer e que funciona como unha mini-aula de informática cando veñen acompañados por unha profesora ou profesor.

Desde a Biblioteca ofrécese un servizo de envío de impresións do alumnado a unha das dúas fotocopiadoras que hai na conserxería do instituto. Este servizo é moi coñecido e usado polo alumnado.

Na Conserxería existe un equipo informático conectado ás dúas fotocopiadoras, na Administración existen outros dous equipos con impresora láser, na Secretaría outros dous e cadanseu equipo con impresora no resto de despachos do equipo directivo.

Finalmente, no curso 2020-21 adquiríronse 20 tabletas dixitais cun carro portátil para desprazar polas aulas segundo necesidades e previa solicitude do profesorado interesado. Son utilizadas fundamentalmente nas aulas de 3º e 4º de ESO, pois no 1º Ciclo cóntase cos ordenadores do programa E-dixgal.

Despois dun longo esforzo, no curso 2015-16 completouse un inventario pormenorizado de todo o equipamento dixital do centro e, cun traballo sistemático e rigoroso, mantívose actualizado durante un par de cursos académicos máis; Pero distintos cambios no organización do centro (Dirección, Equipo TIC e Servizo Técnico) acabaron con deixalo inutilizado, polas distintas e continuas modificacións (sen reflectir no mesmo) nos equipos, nas súas situacións, as novas adquisicións, cambios en IPs... sendo evidente a necesidade, a día de hoxe, de elaborar un novo inventario do equipamento dixital, pero comezando desde cero.

Na actualidade, ninguén quere ser coordinador da dinamización das TIC, asumindo esta responsabilidade un cargo directivo. Loxicamente, tampouco existe un equipo dinamizador e o servizo técnico límitase a unha visita semanal para ver e resolver as incidencias reflectidas por parte do profesorado no libro de mantemento. Co equipamento que ten o centro resulta claramente insuficiente, detectándose un deterioro progresivo do seu estado.

O software utilizado maioritariamente é privativo, sendo escasos os equipos con software libre. O motivo principal é o das claras preferencias do profesorado en ese sentido.

Maila todo o dito anteriormente, o centro ten tradición e experiencia na aplicación das TIC. Nun principio, unha parte do profesorado tivo a intención de formarse e mellorar neste ámbito e posteriormente foise estendendo ata a maioría do profesorado o interese pola mellora das súas competencias dixitais. Exemplos son a solicitude do proxecto abalar, a formación de grupos de traballo no centro como o realizado no curso 2013-14 “Pulo das TIC do centro a través de ferramentas colaborativas e emprego das webs dinámicas”, a gran participación en cursos de formación, a solicitude do proxecto E-dixgal e a participación na formación ao longo dos cursos...

Diversos premios foron gañados utilizando ferramentas TIC como o concurso de vídeos "Apúntome", unha curta filmada no IES Campo de San Alberto, que conseguiu gañar o 1º premio galego no festival de clip-metraxes de "Mans Unidas" no ano 2015, o concurso de programación en Scratch para nenos DXC Codes que gañaron alumnos de 2º da ESO no 2018 co seu proxecto Galactic tournament ou o Primeiro premio Miguel Hernández de categoría nacional de innovación pedagóxica no ano 2017.

Pero a día de hoxe parece que se perdeu iniciativa en este sentido, quizais debido tamén a existencia dun número considerable de profesoras e profesores que están preto da súa xubilación.

A páxina web aloxada nos servidores da Xunta ten contidos desactualizados e é pouco visitada pola comunidade educativa.

Trabállase moito con Moodle (Aula Virtual) pero faise basicamente para colgar apuntes do profesorado, non aproveitando a maioría das funcionalidades que ofrece.

Tampouco é moi utilizado o espazo Abalar aínda que os pais si que usan con frecuencia o Abalar móbil.

Aínda que o centro está adscrito ao proxecto E-dixgal, o profesorado está descontento co seu uso e, moi probablemente, o vindeiro curso se abandone.

A plataforma Agueiro nos se utiliza nada. Como canle de comunicación, funciona con éxito entre o profesorado un canal de chat (whatsapp).

E unha canle importante de comunicación do centro co alumnado é a rede social Instagram (desde unha conta do departamento de Orientación).

O orzamento do centro é adecuado e a Dirección fai o esforzo económico suficiente para manter actualizado o equipamento.

2.2 Análise DAFO

Coa á información obtida a través da ferramenta SELFIE, chegouse ao seguinte análise DAFO:

		FACTORES POSITIVOS (+)	FACTORES NEGATIVOS (-)
		FORTALEZAS	DEBILIDADES
INTERNOS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O equipamento informático do centro educativo é completo, rede wifi en todo o centro, tódalas aulas equipadas de ordenador e proxector ou pizarra dixital, 2 aulas de informática, espazo de informática na biblioteca, aulas propias para ciclos formativos con equipamentos informáticos individuais, tablets a disposición do alumnado e equipos informáticos individuais para todo o alumnado da ESO dentro do programa E-dixgal.	Antigüidade dalgúns equipos informáticos que van quedando en desuso.
	PERSONAL DOCENTE	Equipo Directivo comprometido. Iniciativa do personal docente a formarse en estratexias dixitais e didáctica usando ferramentas informáticas. Excelente ambiente relacional e de disposición a afrontar novos retos	Falta de competencia dixital, elevado n.º de proxectos e plans a levar a cabo. Claustro inestable pola alta porcentaxe de profesorado provisional e pola previsión de moitas xubilacións nos vindeiros anos. Escaso coñecemento da plataforma Moodle (uso moi básico) e doutras aplicacións de creación de contidos.
	PERSONAL NON DOCENTE	Moi boa disposición para afrontar as novas tecnoloxías	
	ALUMNADO		Escasa competencia dixital, falta de traballo colaborativo e interdisciplinar, falta fomento no alumnado de creación de contidos dixitais, programación e resolución de problemas técnicos. Uso inseguro e irresponsable da rede.
	FAMILIAS		Falta de competencia dixital e equipamentos informáticos individuais para o alumnado así coma conexión a internet.
	OFERTA		Falta de oferta de materias que traballen a competencia dixital dende os primeiros cursos da ESO, desaproveitamento dos equipos individuais. Moita diversidade de etapas educativas (EBI, ESA, ESO, BAC, FPB, CFGM, CFGS...).
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Conexión estable a internet. Centro moi activo e participante en moitos proxectos e programas da administración.	Falta de recursos humanos para coordinación TIC e posta en marcha do Plan Dixital de centro. Páxina Web (Drupal) pouco funcional e pouco visitada pola comunidade educativa.
		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
EXTERNOS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Plan Dixital, recursos, comunicación vía electrónica coas familias a través da plataforma ABALAR	Falta de dotación económica para renovación e actualización de equipamentos informáticos que nalgún caso son obsoletos e falta dunha rede de apoio ás TIC nos centros educativos.
	LEXISLACIÓN	Lexislación Europea que aporta recursos e formación para a mellora da dixitalización dos centros educativos.	Excesiva burocracia e falta de recursos humanos dispoñibles para coordinación e formación dixital. Moitos obxectivos anuais a cumprir por parte do profesorado. Moita normativa e moi cambiante que abruma ao profesorado. Ratios alumnado/profesorado moi altas.
	ANPA		Non existe ANPA como organización que represente ás familias.
	CONTORNA		Falta de comunicación e coordinación entre centros e con outras entidades públicas.
	OUTRAS ENTIDADES	Crecemento e mellora do equipamento	Falta de comunicación e coordinación entre centros e con outras entidades públicas.

3. Plan de Acción

Área/s de mellora: F (Pedagogía: implementación na aula)						
OBXECTIVO 1: (1)	Solicitar a iniciativa “Polos Creativos” e fomentar a creatividade a través da dixitalización				Acadado	
Responsable:	Coordinadora e equipo dinamizador				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	1. Concesión do programa. 2. Porcentaxe de materias/módulos (ESO + FPB) que ao longo do curso académico 2022/2023 desenvolven algunha actividade ligada á iniciativa “Polos Creativos”.					
Valor de partida: (3)	0%, pendentes de presentar solicitude e aprobación da mesma					
Valor previsto e data: (4)	10% das materias/módulos			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)	
A01.1: Nomear unha persoa coordinadora da iniciativa.	Equipo directivo	20/05/2022	Recursos humanos, dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Crear un grupo de dinamización da iniciativa Polos Creativos.	Coordinadora	25/05/2022	Recursos humanos, dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Solicitar programa Polos Creativos á Consellería	Dirección	3/06/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Realizar cursos de formación por parte do profesorado	Equipo dinamizador	31/01/2023	Soporte da Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Desenvolver	Equipo docente	20/06/2023	Equipamento e aula		Realizada	
					Aprazada	

actividades no entorno					Pendente		
Área/s de mellora: B (Colaboración e redes)							
OBXECTIVO 2: (1)	Manter actualizada e funcional a páxina web do centro educativo					Acadado	
Responsable:	Coordinadora TIC e Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Media de lecturas das publicacións na páxina principal da web						
Valor de partida: (3)	10						
Valor previsto e data: (4)	>50 lecturas/publicación				20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)		
AO2.1: Nomear unha persoa coordinadora da páxina web	Equipo directivo	01/10/2022	Recursos humanos, dispoñibilidade horaria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Actualizar o formato da páxina web	Coordinadora pág. web	31/01/2023	Equipo informático		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Non se detecta ningunha necesidade en mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos.

4. Avaliación do plan

Nas reunións do Equipo de Dinamización das TIC e de forma trimestral (cando menos), incluírase un punto na orde do día para avaliar o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados. As conclusións desta avaliación trimestral serán trasladadas ao enlace do Equipo Directivo para que, de ser o caso, a Coordinadora realice as e acordadas modificacións das accións e das propostas de mellora que se consideraron necesarias.

Antes de finalizar o curso elaborarse unha breve e sinxela enquisa en formato de GoogleForms para medir o grao de “satisfacción dixital” da comunidade educativa, que incluírá sempre unha última pregunta aberta para recibir suxestións por parte de calquera dos seus membros, esperando que sexa enchida de forma anónima por unha mostra representativa de cada sector.

Ao finalizar o curso académico convocarase unha xuntanza conxunta do Equipo de Dinamización e do Equipo Directivo para realizar unha avaliación final do PD, da que se deixará constancia por escrito (tanto do grao de consecución de cada un dos obxectivos e propostas de mellora como dos resultados da enquisa) e que servirá de punto de partida para a elaboración do plan do novo curso académico.

5. Difusión do plan

Destinatarios	Canal de difusión	Responsables directos
Xefes de Departamento	Presentación en reunión de CCP	Coordinadora TIC
Profesorado	Reunións de departamento	Xefes de departamento
Alumnado	Reunións de tutoría de grupo	Profesores titores
Resto da comunidade educativa	Inclusión como anexo no PEC así como expoñelo na páxina web oficial do instituto	Equipo directivo e Coordinadora TIC

Vº e Pr. do
O Director

A Coordinadora

Asdo: Jorge Villa Martínez

Asdo: Katia Estalote Lago